



# **XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA**

## **Memorial Juanjo Amoedo**

### **do 13 ao 19 de maio-2024**



## **O Festival**

Redondela é un referente internacional que preserva e difunde o teatro de monicreques como patrimonio cultural universal.

Un espazo de convivencia e intercambio onde disfrutar do teatro de monicreques e outras formas de expresión dramáticas relacionadas.

## **Queres formar parte do VOLUNTARIADO do Festival?**

Estamos na procura de “leña verde” que queira axudar e disfrutar do Teatro,

- Queres ser unha das persoas voluntarias no Festival?
- Apetéceche coñecer a organización dende dentro e aportar o teu entusiasmo?

Ofrecémosche unha oportunidade para convivir e axudar dunha maneira divertida e comprometida co festival.

**Xuntanza formativa/organizativa:** sábado 11 de maio (imprescindible asistencia)

**Días de voluntariado no festival:** 17,18 e 19 de maio. (poderá ser por días)

### **Labores**

Serán axudantes de producción e rexiduría dos escenarios de rúa, desenvolvendo pequenas tarefas como:

- Atención ás compañías e as súas necesidades.
- Atención ás persoas espectadoras.

### **Inscríbete**

Envíanos un correo cos teus datos a [fitvoluntariado2024@gmail.com](mailto:fitvoluntariado2024@gmail.com)

Inclúe: nome completo, idade (de 16 anos en diante), enderezo e dispoñibilidade, e dinos porque queres formar parte do equipo titiriteiro.

Recepción de correo, do 27 de marzo ao 20 de abril.

Únete á nosa familia!

Para máis información ou dúbidas: [fitredondela@hotmail.com](mailto:fitredondela@hotmail.com)

Asociación Xente Titiriteira

Nota: una vez cubertas as prazas abrirase unha lista cara o ano 2025

Asociación Xente Titiriteira. Rúa Eidos, 51-36800 Redondela [fitredondela@hotmail.com](mailto:fitredondela@hotmail.com)



# **XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA**

Memorial Juanjo Amoedo



## **“Obxectivo títeres”**

Estamos na procura das fotografías más titiriteiras e cativadoras desta andaina dos 25 anos, coa idea de crear un álbum colectivo da vida do Festival.

As fotos deberán ter unha relación directa co Festival e valerá de calquera edición.

Poderás enviar por correo electrónico a:

[obxectivotiteres@gmail.com](mailto:obxectivotiteres@gmail.com) e xa está.

Tamén poderás subila a algunha das nosas redes co hashtag

#obxectivotiteres e etiquetala con [@fitredondela](#)

Datas de recepción das fotografías: do 27 de marzo até o 15 de maio.

Poderás enviar un máximo de 2 fotografías por participante.

Escolleranse as 6 más representativas e artísticas obtendo os seus autores/as camisetas e entradas para todas as funcións de sala da vindeira edición 2025.

Xurado formado por profesionais do sector.

O día 17 de maio publicaranse as fotos seleccionadas.





# **XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA**

## **Memorial Juanjo Amoedo**



### **MERCADIÑO TITIRITEIRO-2024**

O Festival propón novamente un Mercadiño onde poderanse expoñer e vender só propostas relacionadas co mundo dos monicreques no chamado Mercadiño Titiriteiro situado na Alameda.

**Os postos propostos terán que ter unha relación co mundo das artes escénicas.**

-Días do Mercado: 17, 18 e 19 de maio do 2024.

-Custo (Donativo): 50 euros.

Medidas máximas do posto: 3m de longo x 1m de ancho.

NON se aceptarán postos de comida e/ou bebida.

A orde e colocación dos postos corresponderá á organización.

Os/as participantes deberán aceptar estas bases.

#### **Coma solicitar un posto?**

A partires do 21 de marzo e até o 15 de abril, deberase mandar un email solicitando o posto con:

-Datos persoais: Nome completo, teléfono, dirección e NIF. Só se aceptará un posto por persoa.

-Descripción do que se vende.

-Foto e medidas do posto.

Lembrade: só postos relacionados directa ou indirectamente co mundo dos títeres.

Mail: [fitredondela@hotmail.com](mailto:fitredondela@hotmail.com)

#### **A Asociación contestará a túa solicitud**

A partir do 15 de abril a asociación irá contestando aos emails.

As solicitudes aceptadas, aquellas que cumpran co prantexado, se lles facilitará un número de conta para realizar o ingreso e confirmar a súa reserva.

Terán 10 días para realizarlo.

Unha vez completado o aforo pecharase o Mercadiño e crearase unha lista de espera.

A montaxe farase o día 17 de maio ás 09.00h., límite máximo de vehículos 10.30h.

Moitas gracias.

Asociación Xente Titiriteira